



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**IES Plurilingüe**  
**Castro da Uz**

# **PROGRAMA DE ACOLLIDA**

## **IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ**



Xacobeo 2021

galicia



## Índice

Introdución	3
Novas normas de organización e funcionamento do centro.	3
Actuacións de prevención, hixiene e protección.	10
Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.	12
O confinamento que sufrimos o pasado mes de marzo fixo que se puxeran en marcha diversas plataformas para a impartición de docencia de maneira telemática, sendo a Aula Virtual do centro a máis utilizada. Aínda que o resultado foi satisfactorio, grazas ao esforzo do profesorado, alumnado e familias, é necesario comezar o curso 2020-2021 cunha serie de accións que faciliten o emprego dunha única plataforma, a aula virtual do centro, para desta maneira, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.	12
Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.	13



## Introdución

Este documento está elaborado polo equipo directivo en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Data de presentación ao Consello Escolar: 18 de setembro de 2020

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través das canles habituais (páxina web, AbalarMobil).

## Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Estas son as datas de comezo de curso dependendo do grupo:

Grupo	Día comezo curso
1º e 2º ESO	Mércores 23 de setembro
1º curso Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior	
3º ESO	Xoves 24 de setembro
2º curso Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior	
4º ESO	Venres 25 de setembro
FP Básica de Automoción e Informática	



Indicamos tamén as portas de acceso ao centro para o vindeiro curso, así como os horarios de Entrada e Saída segundo o grupo, aínda que poderían sufrir modificacións en función da adaptación á situación xerada pola COVID-19 e ás disposicións que as Consellerías de Educación e Sanidade poidan publicar nos vindeiros días.

<b>GRUPO</b>	<b>PORTA ENTRADA/SAÍDA</b>	<b>HORA ENTRADA</b>	<b>HORA SAÍDA</b>
1º ESO	PORTA 2 (Xardín traseiro)	Mañá: 8:30h Luns tarde: 16:20h	Mañá:14:00h Luns tarde: 17:50h
2º ESO	PORTA 2 (Xardín traseiro)		Mañá:14:05h Luns tarde: 17:55h
3º ESO	PORTA 1 (Entrada principal)		Mañá:14:00h Luns tarde: 17:50h
4º ESO	PORTA 1 (Entrada principal)		Mañá:14:05h Luns tarde: 17:55h
FP Básica Informática	PORTA 1 (Entrada principal)		Mañá:14:05h Luns tarde: 17:55h
FP Básica Automoción	PORTA 1 (Entrada principal) para materias comúns PORTA 3 (Automoción) para módulos específicos		Mañá:14:05h Luns tarde: 17:55h
Ciclos Formativos (SMR e ADM)	PORTA 1 (Entrada principal)	8:35h (16:25h as tardes con clases presenciais)	Mañá:13:55h (18:10h as tardes con clases presenciais)
Ciclos Formativos Automoción e Soldadura	PORTA 3 (Entrada Automoción)		

### **Portas de acceso e horarios de Entrada e Saída**

### **MEDIDAS XERAIS COVID**

Para adaptarnos á actual situación COVID, o Centro seguirá as instrucións indicadas polas Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, aínda que estas medidas poden variar por razóns organizativas ou por cambios nas instrucións do Protocolo:

- O centro disporá dun plan de sinalización para indicar portas de entrada e saída, direccións e sentidos nos corredores, escaleiras, etc.
- Tamén contará con cartelería indicando medidas hixiénicas e de prevención en entrada, corredores, aulas, talleres, zonas comúns, baños, etc.
- Uso obrigatorio de máscaras para toda a comunidade educativa (alumnado, persoal docente e persoal non docente), durante toda a xornada lectiva e en todo o recinto escolar. De maneira excepcional, ao inicio de curso, proporcionarase a todos os membros da Comunidade Educativa un kit formado por dúas máscaras hixiénicas, reutilizables e certificadas, segundo normativa española UNE-0065 e europea UNE-CWA 17553:2020, acompañadas por unha bolsa do mesmo material. Estas máscaras son confeccionadas con materiais biodegradables e fabricadas en Galicia.



- Xel hidroalcohólico nas entradas ao centro escolar, nas aulas, corredores e nas saídas dos baños.
- Todas as aulas e espazos comúns, ademais do xel hidroalcohólico, contarán con desinfectante e panos desbotables cos que o alumnado poderá limpar a súa zona de traballo cando se estime necesario.
- Ventilación natural durante as clases. Ventilación completa nos recreos e horas nas que non se utilice a aula.
- Reordenación e adaptación de espazos tanto interiores como exteriores co fin de manter distanciamento e evitar mesturas entre grupos.
- Modificación temporal e excepcional da xornada escolar, graduando entradas e saídas, segundo o cadro **Portas de acceso e horarios de Entrada e Saída**.
  - Posto que os buses teñen como hora habitual de chegada as 8:20h, o profesorado esperará ao alumnado nas aulas a partir desa hora, para que poidan entrar sen aglomeracións nin formar grupos nos corredores.
  - Á hora de saída, farase tamén de forma gradual, para favorecer a subida aos buses sen aglomeracións. Cada hora saída, estará sinalizada por un sinal acústico.
- A limpeza durante este curso reforzase, establecendo diferentes horarios para o persoal de limpeza, de forma que poidamos contar cun membro do persoal de limpeza durante a xornada escolar en horario de mañá, para realizar desinfección de baños, varandas, pomos de portas, espazos comúns e de tránsito, aulas complementarias que poidan ser utilizadas por varios grupos, etc. No horario de tarde, contaremos con dúas persoas para a limpeza e desinfección máis profunda dos diferentes espazos.
- Co fin de conseguir que os diferentes grupos de alumnado teñan o seu propio espazo, sen que se mesture alumnado de diferentes aulas, realizarase a seguinte distribución horaria dos recreos (1)

CURSO	1º RECREO	2º RECREO
1º e 2º ESO	10:10h – 10:30h	12:10h – 12:30h
3º , 4º ESO e FP Básica	11:00h – 11:20h	13:00h – 13:20h

- (1) Únicamente se establecen os horarios de recreo para alumnado de ESO e FP Básica, posto que se optou pola flexibilización dos mesmos para o caso de alumnado de Ciclos Formativos, os cales poderán realizar os descansos en calquera momento que non coincida cos xa fixados na táboa, en función do organización dos módulos.

- Estableceranse varios espazos tanto interiores como ao aire libre de uso nos recreos. A utilización destes espazos será rotatorio segundo os días e as condicións meteorolóxicas, de xeito que os grupos de alumnado non se mesturen.

<b>ESPAZOS AO AIRE LIBRE</b>	Pista polideportiva	Patio dianteiro	Patio traseiro		
<b>ESPAZOS INTERIORES</b>	Pavillón zona 1	Pavillón zona 2	Ximnasio	Biblioteca	Salón de actos

- O uso de aseos estará organizado por plantas e grupos, do seguinte xeito:
  - Aseos planta baixa hall: Alumnado de SMR, ADM e FPBásica (aforo: 2 persoas)
  - Aseos planta primeira: Alumnado de 1º e 2º ESO (aforo: 1 persoa)
  - Aseos planta segunda: Alumnado de 3º e 4º ESO (aforo: 1 persoa)
  - Aseos automoción: Alumnado de Automoción e Soldadura (aforo: 1 persoa)
  - Aseos electrónica: Alumnado de Automoción e Soldadura (aforo: 1 persoa)
  - Aseos pavillón: Alumnado que ocupe este espazo durante os recreos (aforo 1 persoa).
- Nas aulas a situación dos pupitres é a que establece o protocolo elaborado pola Consellería de Educación e que determina a colocación dos pupitres en filas cunha separación de 1,5 metros con respecto de todos os postos que o rodean medidos dende o centro da cadeira.

No caso das aulas con ordenadores, os postos estarán separados por mamparas individuais, xa que a distancia entre as cadeiras é inferior a 1,5 m.
- O aforo máximo da cafetería é de 8 persoas, para poder cumprir a distancia de seguridade de 1,5 m. As persoas responsables do servizo de cafetería deben cumprir as normas vixentes ditadas pola Consellería de Sanidade en cada momento e en cada situación.



- Habilitación de un espazo COVID para atender ao alumnado e persoal do Centro que durante a xornada escolar presente síntomas compatibles coa COVID-19.

Diante da sospeita de que un membro da Comunidade Educativa comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola “Ponencia de Alertas e Plans de Preparación e Resposta”.

Na aula de illamento ou aula COVID, permanecerá o alumno ou alumna que desenvolva síntomas compatibles coa Covid-19 ata a súa recollida pola familia no centro educativo. Esta aula estará dotada con máscaras quirúrxicas, xel hidroalcohólico, luvas, panos desbotables e desinfectante. A persoa que desenvolva síntomas, utilizará unha máscara quirúrxica, mentres que a persoa acompañante debe utilizar unha mascarilla FFP2 mentras permaneza ao coidado do alumnado illado na aula Covid.

- Medidas de carácter formativo e pedagóxico. Ao longo de todo o curso traballarase este aspecto de xeito transversal e terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19.

#### ***Liñas de traballo:***

- De maneira xeral e puntual, organizaremos charlas informativas e formativas para alumnado e profesorado, impartidas por persoal sanitario, que nos asesorarán na prevención fronte á COVID-19.
- De forma transversal, aproveitaremos o Plan Proxecta na modalidade de Hábitos de Vida Saudable, no que vimos traballando por cuarto curso consecutivo. A través deste plan, intentaremos concienciar ao alumnado da importancia dunha alimentación equilibrada e saudable, acompañada da realización de exercicio físico diario, para o cal seguiremos desenvolvendo actividades como a dos “Almorzos saudables” e o “Quilómetro diario” durante os recreos.
- Estamos pendentes da aprobación da implantación dun Contrato-Programa, concretamente o da Liña 9 “Promoción da Actividade Física en Horario Lectivo”, no que pretendemos involucrar non sóao alumnado de ESO, senón tamén ao de FP Básica.



- A Aula Virtual vai ser utilizada por todo o profesorado e xestionada por profesorado membro do equipo TIC, sendo a coordinadora M<sup>a</sup> Mar Senra Martul.

Dende o primeiro día comezarase a traballar coa Aula Virtual dende o centro co fin de que o alumnado estea afeito a esta metodoloxía. Deste xeito, no caso dun posible gromo ou da necesidade de aplicar a medida de corentena con parte ou todo o alumnado da aula, estarán familiarizados co seu uso.

## **PROCEDEMENTO DE ACCESO AO CENTRO**

Antes de acudir a clase, as familias deben realizar as seguintes accións:

- Medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.
- Analizar sintomatoloxía que poida ser compatible co desenvolvemento da infección. No caso de que o alumno/a presentara sintomatoloxía compatible coa Covid-19 non poderá asistir ao centro educativo e él/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID.

*Ao inicio de curso, as familias firmarán unha declaración responsable de que os seus fillos e fillas acoden ao centro sen síntomas.*

- Verificar que trae máscaras. O alumnado ten o deber de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será deber do alumnado levar unha máscara posta na entrada e outra de reposto, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario (preferiblemente de tea).

É importante recordar que as máscaras que traerá en xeral o alumnado son cirúrxicas ou hixiénicas, e que non protexen a quen a leva senón ao resto de persoas, por tanto é imprescindible a responsabilidade colectiva para evitar o contaxio na comunidade educativa.

Non está permitido o uso de máscaras con válvula de exhalación dentro do centro escolar.

- Todas as aulas e espazos comúns contarán cun bote de xel hidroalcohólico para a hixiene diaria de mans. No entanto recoméndase que cada alumno/a traia un bote pequeno de xel hidroalcohólico para momentos puntuais.







- O alumnado accederá pola porta de acceso que lle corresponda segundo o indicado na táboa **Portas de acceso e horarios de Entrada e Saída**.
- A continuación, dirixirase á súa aula respectando as indicacións. Unha vez na aula, ocupara o seu posto fixo na clase. (Recordemos que as aulas estarán abertas dende as 8:20 e que o profesorado agardará dentro para axudar na organización e evitar aglomeracións).

### **RESUMO MATERIAL Á ENTRADA AO CENTRO ESCOLAR**

- Máscaras (unha posta, outra para mudala ás 4 horas e outra de reposto) gardadas nunha bolsa, estoxo, etc)
- Unha bolsa (preferiblemente de tea posto que permite a transpiración), onde gardar a máscara que se está a usar nos momentos en que se poida sacar, por exemplo para comer o bocata no recreo.
- Un bote de xel hidroalcohólico pequeno para momentos puntuais.
- Panos desbotables
- Recoméndase traer todo isto nunha faltriqueira (“riñonera”) que lles vai dar a liberdade de acceder en todo momento de modo sinxelo ao que ten no interior.
- Recoméndase tamén traer unha cantimplora para a auga.
- O material escolar (boli, lápiz, goma, etc), non se pode compartir, polo que será preciso que non esquezan traelo da casa.
- É tamén recomendable ter etiquetado todo o material (especialmente as máscaras) que traian da casa (pode ser cun simple rotulador permanente).

## Actuacións de prevención, hixiene e protección.

### **Prevención:**

Neste apartado citamos algunhas das accións a ter en conta como medidas preventivas.

- *Evitar aglomeracións:*
  - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
  - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
  - Establecer quendas de recreo.
  - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
  - Regular o acceso aos aseos
  
- *Distancia social:*
  - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
  - Evitar situacións de contacto físico.
  
- *Responsabilidade individual:*
  - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
  - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobén a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

### **Hixiene:**

Aquí resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- *Hixiene xeral do centro:*
  - Reforzar a limpeza do centro polas mañás.
  - Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
  - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
  - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
  - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.



- *Hixiene persoal:*
  - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
  - Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
  - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
  
- *Rutinas de responsabilidade individual:*
  - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
  - Limpeza de elementos propios de traballo: cada profesor/a ou cada alumno/a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
  - Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas e os armarios ordenados, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.
  
- *Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:*
  - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
  - Xabón: nos aseos.
  - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
  - Toallas desinfectantes: nas aulas específicas (música e EF)
  - Solución desinfectante: nas aulas

## **Protección:**

- *Uso de máscara:*
  - Uso obrigatorio para todo o profesorado e persoal non docente.
  - Uso obrigatorio para todo o alumnado.
  - Uso obrigatorio para todo o persoal que acceda ao centro.



- *Pantallas:*
  - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
  - Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).
- *Mamparas*
  - Nas aulas de informática para garantir a separación entre os distintos postos informáticos.

## Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

O confinamento que sufrimos o pasado mes de marzo fixo que se puxeran en marcha diversas plataformas para a impartición de docencia de maneira telemática, sendo a Aula Virtual do centro a máis utilizada. Aínda que o resultado foi satisfactorio, grazas ao esforzo do profesorado, alumnado e familias, é necesario comezar o curso 2020-2021 cunha serie de accións que faciliten o emprego dunha única plataforma, a aula virtual do centro, para desta maneira, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual.**
- **Acceso aos diferentes cursos.**
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual.
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta.
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.



Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: [ies.castrodauz@edu.xunta.gal](mailto:ies.castrodauz@edu.xunta.gal)
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 881930001 e o 881930002

Nas primeiras semanas de curso facilitarase esta información a todo o alumnado do centro.

## Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso e dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar tamén ao instituto. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no centro educativo.